

administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2008.

José Ignacio Villar García
Director do ente público Portos de Galicia

ANEXO

Expediente: Sanc. 12-26-08-16.

Matrícula: 0522DYD.

Denunciante: Dirección Xeral da Policía e Garda Civil.

Denunciada: Sonia Gómez Alejandre.

Último enderezo coñecido: Grecia, 8-7º porta B, 28022 Madrid.

Feito denunciado: estacionamento prohibido.

Data: 7-9-2008.

Hora: 6.40 horas.

Porto: Bares.

Precepto infrinxido: artigo 114.1º a) da Lei 27/1992.

Artigos 17 e 64 O.M. 12-6-1976.

Precepto sancionador: artigo 120 da Lei 27/1992.

Sanción proposta: 90,15 €.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 30 de outubro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por María Jesús González Martínez e outros.

Na Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 001, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tramítase o recurso 795/2008 (procedemento ordinario), interposto por Mª Jesús González Martínez e outros contra o anexo III da Resolución do 17 de abril de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, pola que se fai público o acordo do tribunal que xulga o proceso selectivo para o ingreso na clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, relativo á baremación definitiva da fase de concurso e á adxudicación provisional de destino, e contra os cesamentos que lles foron notificados o 20 de maio de 2008.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

Resolución do 3 de novembro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por Ana María Rego Rouco.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela tramítase o recurso 474/2008 (procedemento abreviado), interposto por Ana María Rego Rouco contra a Resolución do 23 de xullo de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativo á baremación definitiva da fase de concurso e á presentación da documentación dos definitivamente seleccionados.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 13 de novembro de 2008 pola que se anuncian as contratacións, polo procedemento aberto, que se citan.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Universidade da Coruña

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.

2. Obxecto da contratación:

-Número de expediente: 2008/3010.

Descrición do obxecto: concurso de proxectos con intervención de xurado para o deseño do Campus Center na Universidade da Coruña.

Lugar de execución: Universidade da Coruña.

Tramitación: ordinaria.

Orzamento base de licitación. Importe total: 150.000 € (IVE incluído).

1º premio: 75.000 € (IVE incluído).

2º premio: 45.000 € (IVE incluído).

3º premio: 30.000 € (IVE incluído).

Garantía provisional: non se exige.

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): non se exige.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Número de expediente: 2008/3012.

Descrición do obxecto: construción de novos despachos no aparcadoiro da Facultade de Ciencias.

Lugar de execución: Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña.

Prazo de execución (meses): 6 meses.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación. Importe total: 324.656,27 € (IVE incluído).

Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): non se exige.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Obtención de documentación e información.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares, os proxectos, as prescricións técnicas e demais documentación complementaria estarán á disposición dos licitadores, durante o prazo de presentación de proposicións:

-No enderezo web: www.udc.es/contratacionadministrativa

-No Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, de luns a venres e das 9.00 ás 14.00 horas, sito en:

Reitoría da Universidade da Coruña.

R/ Maestranza, nº 9, 1º andar, 15001 A Coruña

Teléfono: (+34) 981 16 70 00 (extensiones 1118, 1038), Fax: (+ 34) 981 16 70 20.

Correo electrónico: seccion.contratacion@udc.es

4. Presentación das proposicións.

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do sesaxésimo día natural contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para o expediente 2008/3010.

Antes das 14.00 horas do décimo terceiro día natural contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para o expediente 2008/3012.

b) Documentación que hai que presentar: a que figura no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no rexistro xeral da Universidade da Coruña, sito na Reitoría, R/ Maestranza, nº 9, 15001 A Coruña.

e) Admisión de variantes: especifícase no prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Apertura das proposicións.

A mesa de contratación comunicará, a través do perfil do contratante, o lugar, o día e a hora no que terá lugar a sesión pública, e convocará os licitadores, mediante notificación, remitida vía fax.

6. Criterios de valoración e ponderación: os que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

7. Gastos de anuncios: serán por conta das empresas adxudicatarias a rateo.

A Coruña, 13 de novembro de 2008.

P.D. (Resolución 3-2-2004)

Manuel Galdo Pérez

Xerente da Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anuncio.

Anúnciase extravío do título de especialista universitario en técnico de mediación e intervención familiar de Beatriz González Vigo, expedido o 9 de xaneiro de 2002, con número de rexistro universitario 200201998 e clave alfanumérica USC-04935-C.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2008.

Isabel García-Rodeja Gayoso

Secretaría xeral da Universidade de Santiago de Compostela

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BUEU

Anuncio.

A Xunta de Goberno local, en sesión do 17 de outubro de 2008 adoptou acordo de aprobación inicial do estudo de detalle na rúa Eduardo Vicenti (Interior Alameda), presentado por José Miranda Pastoriza, redactado polo arquitecto Manuel Ferradás Ave, visado con data do 3 de setembro de 2008.